



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VALGA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE USOS ADMINISTRATIVOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1.- ANTECEDENTES.

A colaboración entre este departamento e o concello de Valga encádrase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de contornas urbanas. Pola súa finalidade, esta actuación está comprendida dentro do obxectivo estratéxico **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**

2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.

Segundo o artigo 19.4, apartado c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, “Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: “c) con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas...”

O concello de Valga, no exercicio das súas competencias expón a necesidade de afrontar obras de **“construcción dun Edificio de Usos Administrativos”**, cun orzamento total estimado de **cento sesenta mil euros con dous céntimos (160.000,02 €)**.

Trátase de rematar a construción dun edificio administrativo para dar solución ás necesidades derivadas da prestación de servizos aos cidadáns, precisándose reordenar e ampliar os espazos existentes co eido de conseguir unha calidade axeitada de funcionamento dos servizos básicos.

As execucións que se pretenden supoñen a racionalización do espazo dispoñible e a concentración dos servizos que son competencia da corporación local coa conseguinte mellora da calidade na súa prestación e, por outra parte, a mellora das condicións de seguridade e saúde nas que o cadro de persoal da entidade local desenvolva o seu traballo contribuíndo a optimización das condicións pretendidas para a calidade dos servizos que ofrece aos cidadáns.

Esta situación fai que o obxecto desta colaboración se considere como de especial singularidade, e que acredita a xustificación da **non concurrencia pública para o outorgamento da axuda.**

Realizada a primeira intervención no edificio, na que se executaron as obras de estrutura e cerramento da planta baixa, o concello pretende continuar coa execución das obras de estrutura da planta primeira, o entramado, a cuberta, medianeira e o peche da primeira planta e o baixo cuberta.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

O feito de existir financiamento axeitado e suficiente no proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, para atender a petición e as vontades expresadas por





ámbalas dúas Administracións intervintes, constitúen as razóns fundamentais de oportunidade de formalización do convenio de colaboración para regular as intervencións de cada unha das partes, nas actuacións a desenvolver.

3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN

Coa sinatura do convenio preténdese regular as actuacións entre as partes para levar a cabo as actuacións descritas no obxecto do convenio e consideradas necesarias para conseguir a finalidade de poñer a disposición do uso público as obras a que se refire o acordo.

Por todo isto, ao considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun Convenio de colaboración entre este Departamento e o concello de Valga.

4.- MEMORIA ECONÓMICA

A valoración estimada das obras a realizar e que son obxecto do convenio, detállanse no seguinte resumo e que se corresponde co proxecto de execución das obras aportado polo concello:

RESUME DE ORZAMENTO.

Cap. 1 Movemento de terras	336,00 €
Cap. 2 Cimentación e estrutura	36.619,10 €
Cap. 3 Cerramento	37.077,82 €
Cap. 4 Cuberta	34.465,63 €
Cap. 5 Controles	960,00 €
Cap. 6 Seguridade e saúde	1.314,49 €
Cap. 7 Xestión de residuos	345,80 €
TOTAL P.E.M. (Orzamento de execución material)	111.118,84 €
GASTOS XERAIS (13%) s/111.118,84 €	14.445,45 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%) s/111.118,84 €	6.667,13 €
Total prezo do contrato	132.231,42 €
IVE (21 %) s/132.231,42 €	27.768,60 €
<u>TOTAL ORZAMENTO CONTRATA</u>	<u>160.000,02 €</u>

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **cento sesenta mil euros con dous céntimos (160.000,02 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.521A 762.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio de 2016.

En consecuencia, segundo o establecido na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a formalización do convenio, require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

